



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARES

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza municipal de protección do medio ambiente atmosférico

ANUNCIO INFORMACIÓN PÚBLICA.

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE ATMOSFÉRICO.

Aprobada Inicialmente na sesión Plenaria ordinaria de data 29 de decembro do 2025 a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE ATMOSFÉRICO, e sometida a información pública no BOP nº1 de data 2 de xaneiro do 2026 polo prazo de 30 días, sen terse presentado alegacións, elévase automaticamente a definitivo o acordo inicial, e segundo o disposto, publícase a continuación a modificación da ordenanza aludida.

Ares, 23 de febreiro do 2026

O Alcalde-Presidente

Asdo: Julio Ignacio Iglesias Redondo

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCION DO MEDIO AMBIENTE ATMOSFERICO

Téndose aprobada a **ordenanza municipal de protección do medio ambiente atmosférico** (e publicada) no **BOP nº 33 de 15/02/2024**, na cal se establecía na disposición transitoria un prazo de adecuación de cinco anos, á vista de continuas queixas por molestias ocasionadas por establecementos, considerando o prazo de cinco anos excesivo para dita adecuación, **proponse a modificación do mesmo reducíndoo a 1 ano.**

O novo prazo á vista do interese público será de aplicación xeralizado a todos os establecementos dende a entrada en vigor da presente modificación:

“As actividades e instalacións en funcionamento na data de entrada en vigor da presente ordenanza deberán adecuarse aos contidos da mesma para evitar a presenza no aire de materias que impliquen risco, dano ou molestia para as persoas, os seus bens ou o medio ambiente, no prazo de 1 ano”.

2026/1093